



CONCELLO DE OLEIROS

ANUNCIO

Despois da reunión do órgano de selección nomeado para xulgar o proceso para cubrir dúas prazas da escala de administración xeral, subescala auxiliar (subgrupo C2) polo sistema de concurso-oposición de acordo coas bases aprobadas por resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal núm. 2022006143, do 15 de decembro (convocatoria do proceso selectivo aprobado de acordo artigo 2 da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), o tribunal acorda:

Primeiro.- Tendo en conta a documentación presentada polas persoas aspirantes no prazo concedido para precisar os méritos, modificar a seguinte puntuación, que queda definitivamente como segue:

APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA	OUTROS MÉRITOS	TOTAL
PEREZ PARDO, NURIA	***1912**	24,56	4	28,56

Segundo.- Desestimar as restantes alegacións presentadas sobre as puntuacións da fase de concurso, e, en consecuencia, elevar a definitivas as puntuacións incluídas no anuncio de data 15 de marzo de 2024 xunto coa modificación expresada no apartado primeiro deste.

Terceiro.- Publicar a batería de preguntas á que fai referencia o punto 10.08 das bases que rexen na convocatoria, e que figuran como anexo a este anuncio.

Cuarto.- Convocar ás persoas aspirantes para realizar a proba da fase de oposición (exame de coñecementos tipo test), que terá lugar o día 10 de abril de 2024 no Auditorio Gabriel García Márquez (rúa chelito, Mera).

O chamamento comezará ás 9.30 h polas persoas cuxo primeiro apelido empece pola letra "H", de acordo coa Resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG nº 29 do 9 de febreiro de 2024), que fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección do persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia.

Os/as aspirantes deberán vir provistos/as do DNI ou da documentación acreditativa equivalente e cun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra.

O que se comunica para os efectos oportunos e público coñecemento.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo secretario do tribunal, Alberto Armada Rodal





CONCELLO DE OLEIROS

ANEXO – BATERÍA DE PREGUNTAS

1. **O título V da Constitución Española de 1978, denomínase**
 - a) Do Poder Xudicial
 - b) Da Coroa
 - c) Do Goberno e da Administración
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

2. **De acordo co artigo 53 da Constitución Española de 1978 sinala cal dos seguintes dereitos non son tutelados polo recurso de amparo**
 - a) O dereito á propiedade privada
 - b) O dereito á obxección de conciencia
 - c) A liberdade ideolóxica
 - d) Á elección de residencia

3. **O artigo 77 da Constitución Española de 1978, con respecto ás peticións individuais e colectivas, di que**
 - a) Poden presentarse directamente por manifestacións cidadás
 - b) A súa presentación determinarase por Lei
 - c) Presentaranse sempre por escrito
 - d) Serán sempre individuais

4. **A aprobación dun Decreto-Lei, segundo o artigo 86 da Constitución Española de 1978, non pode afectar ao seguinte dereito:**
 - a) Participación nos asuntos públicos
 - b) Educación
 - c) Liberdade de culto
 - d) A aprobación dun Decreto-Lei non pode afectar a ningún dos dereitos anteriores

5. **O estado de excepción (artigo 116 da Constitución Española de 1978)**
 - a) Será declarado polo Goberno mediante decreto acordado no Consello de Ministros, previa autorización do Congreso dos Deputados
 - b) Será declarado polo Goberno mediante decreto acordado no Consello de Ministros por un prazo máximo de quince días
 - c) Será declarado por maioría absoluta do Congreso
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

6. **O artigo 150 da Constitución Española de 1978 establece que o Estado poderá transferir ou delegar nas Comunidades Autónomas facultades correspondentes a materia de titularidade estatal**
 - a) Mediante Lei Ordinaria
 - b) En calquera caso
 - c) Que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación
 - d) En ningún caso





CONCELLO DE OLEIROS

- 7. No procedemento de acceso á autonomía recollido no artigo 151 da Constitución Española de 1978, se o proxecto de Estatuto é aprobado en cada provincia pola maioría dos votos validamente emitidos, o voto de ratificación corresponde**
- Ao Congreso
 - Ao Senado
 - A ambas cámaras
 - Ao Goberno
- 8. De acordo co artigo 13 do Estatuto de Autonomía de Galicia, as Leis de Galicia**
- Unicamente se publicarán no Diario Oficial de Galicia
 - A efectos da súa entrada en vigor rexerá a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia
 - Serán promulgadas polo presidente do Parlamento
 - Poderanse publicar no Boletín Oficial do Estado por acordo do Consello da Xunta
- 9. Aos efectos do Estatuto de Autonomía de Galicia indique quen goza da condición política de galego**
- Os cidadáns españois que, de acordo coas Leis do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos Municipios de Galicia
 - Os nados en calquera dos Municipios de Galicia
 - Os que figuran na resposta a) sempre que leven nesa situación un mínimo de dez anos
 - Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 10. De acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sinala cal das seguintes é unha entidade local territorial**
- As áreas metropolitanas
 - As mancomunidades de municipios
 - A illa nos arquipélagos balear e canario
 - Os consorcios
- 11. O artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local non establece que ás administracións de carácter territorial lles corresponda**
- A potestade de coacción
 - A potestade de programación ou planificación
 - A potestade tributaria
 - A potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos
- 12. Indique o dato que non se recolle como dato obrigatorio no Padrón municipal**
- O certificado ou título escolar
 - O número de documento nacional de identidade
 - O número de teléfono
 - O sexo
- 13. De acordo coa organización prevista no Título II da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde é unha competencia indelegable do alcalde**
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade por infracción das ordenanzas municipais
 - Decidir os empates co voto de calidade nas sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local
 - Representar ao Concello de Oleiros Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais
 - Exercer a xefatura da policía municipal
- 14. Na organización prevista no Título II da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local**





CONCELLO DE OLEIROS

- a) Intégrase polo alcalde e un número de Concelleiros non superior ao terzo do seu número legal
- b) Intégrase polo alcalde e un número de Concelleiros non superior á cuarta parte do seu número legal, incluído o alcalde
- c) Intégrase polo alcalde e un número de Concelleiros non superior á cuarta parte do seu número legal
- d) Intégrase polo alcalde e o número de Concelleiros que figure no Regulamento Orgánico da entidade

15. A teor da organización prevista no Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sinala cal dos seguintes non figura como órgano directivo

- a) O alcalde
- b) O titular da asesoría xurídica
- c) O interventor xeral municipal
- d) Todos os anteriores son órganos directivos

16. De acordo co artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, un concello de 5 001 habitantes deberá prestar, en todo caso, o seguinte servizo

- a) Medio ambiente urbano
- b) Protección Civil
- c) Limpeza viaria
- d) Instalacións deportiva de uso público

17. De acordo co artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, para a adopción dun acordo sobre a alteración da cualificación xurídica dos bens comunais requírese

- a) O voto favorable da maioría simple dos membros do Pleno presentes
- b) O voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros
- c) O voto favorable da maioría absoluta do mínimo legal de membros
- d) Depende da contía

18. De acordo co artigo 47 da Lei 7/1975, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, para a adopción dun acordo sobre a concesión de bens ou servizos por mais de cinco anos

- a) O voto favorable da maioría simple dos membros do Pleno presentes
- b) O voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros
- c) O voto favorable da maioría absoluta do mínimo legal de membros
- d) Depende da contía

19. De acordo co regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os tipos de delegacións do alcalde que comprenden a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, e que non poderán incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, coñécense como

- a) Delegacións xenéricas
- b) Delegacións especiais relativas a un distrito ou barrio
- c) Delegacións especiais relativas a un determinado servizo
- d) Delegacións especiais relativas a un proxecto ou asunto determinado

20. Segundo o artigo 97 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, calquera cuestión formulada aos órganos de goberno no seo do Pleno, chámase

- a) Pregunta
- b) Rogo
- c) Moción





CONCELLO DE OLEIROS

d) Proposición

21. Para tramitar alteracións municipais con carácter voluntario polos Concellos interesados, o artigo 32 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, establece que o expediente será iniciado polos acordos dos respectivos Concellos

- a) Adoptados polo voto favorable da maioría simple do número legal de membros
- b) Adoptados polo voto favorable das 2/3 partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros
- c) Adoptados polo voto favorable das ¾ partes do número de feito e, en todo caso da maioría absoluta do mínimo legal de membros
- d) Adoptados polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros

22. De acordo co artigo 141 Lei 5/1997, de administración local de Galicia, a convocatoria dos representantes dos municipios mancomunados para elixir aos órganos reitores e iniciar o funcionamento da mancomunidade debe realizarse

- a) Polo Presidente da Comisión Xestora
- b) Polo Alcalde do municipio no que estea a sede da mancomunidade
- c) Polo Presidente da Mancomunidade
- d) Polo Conselleiro competente en materia de réxime local

23. De acordo co artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia, en canto a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, a toma de posesión realizarase

- a) No prazo de trinta días a partir da publicación do nomeamento
- b) No prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento
- c) Dentro do prazo previsto na correspondente convocatoria do proceso selectivo
- d) No prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento ou dentro do prazo previsto na correspondente convocatoria do proceso selectivo

24. O artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia, establece que no caso de accidente ou enfermidade grave dun parente ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade o persoal funcionario ten dereito a un permiso de

- a) Cinco días
- b) Tres días na mesma localidade e cinco días en distinta
- c) Tres días
- d) Tres días de forma consecutiva e cinco días se son xornadas alternas

25. Sinale cal das seguintes materias non está regulada pola Lei 39/2015, do 1 de outubro

- a) O procedemento administrativo común a todas as administracións públicas
- b) Os principios aos que se ten que axustar o exercicio da potestade regulamentaria
- c) Os principios aos que se ten que axustar o exercicio da potestade regulamentaria
- d) Os principios do sistema de responsabilidade das administracións públicas

26. Segundo o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a ampliación dos prazos establecidos

- a) Concederáse sempre de oficio
- b) Se un regulamento o permite, poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido
- c) Non será susceptible de recurso
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

27. O artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se o acto non fora expreso o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada nun acto que non fora expreso





CONCELLO DE OLEIROS

- a) No día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo
- b) No prazo de tres meses desde que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo
- c) No prazo de dous meses desde que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo
- d) En calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo

28. O artigo 77 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece que o período de proba

- a) O acordará o órgano competente para resolver o procedemento
- b) Acordarase por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez
- c) Acordarase cando a Administración teña por certos os feitos alegados polos interesados
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

29. O artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a acumulación dun procedemento a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, establece que

- a) Contra o acordo da acumulación procederán os recursos pertinentes
- b) Unicamente se acordará nos procedementos iniciados polos interesados
- c) Acordarase polo órgano que inicie ou tramite o procedemento
- d) Acordarase aínda que os procedementos acumulados sexan tramitados por distintos órganos

30. Sinale en cal destes casos prodúcese a alteración da titularidade da competencia, segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro

- a) A suplencia
- b) A delegación
- c) A delegación de sinatura
- d) Ningunha produce a alteración da titularidade

31. Segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro, sinale cal dos principios da potestade sancionadora significa que só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por unha Lei

- a) Legalidade
- b) Irretroactividade
- c) Responsabilidade
- d) Tipicidade

32. De acordo co artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro o importe das indemnizacións que proceda abonar cando o Tribunal Constitucional declarase a existencia dun funcionamento anormal da tramitación dos recursos de amparo ou das cuestións constitucionais o fixará

- a) O Consello de Ministros
- b) O Ministerio de Xustiza
- c) O Consello Xeral do Poder Xudicial
- d) O tribunal Constitucional

33. O artigo 38 da Lei 40/2015, do 1 de outubro establece que cada Administración Pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas con suxeición aos principios de (sinale a resposta incorrecta)

- a) Responsabilidade
- b) Interoperabilidade





CONCELLO DE OLEIROS

- c) Eficiencia
- d) Transparencia

34. O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os veciños teñen dereito a ser informados en relación a todos os expedientes e documentación municipal

- a) De acordo co previsto no artigo 107 da Constitución Española
- b) De acordo co que se estableza na Lei
- c) Previa petición razoada
- d) Segundo se estableza regulamentariamente

35. De acordo co artigo 70 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, as iniciativas para presentar propostas de acordos ou actuacións en materias de competencia municipal nun municipio de 5 000 habitantes deben ser subscritas ao menos

- a) Polo 10 por cento dos veciños
- b) Polo 15 por cento dos veciños
- c) Polo 20 por cento dos veciños
- d) Polo 25 por cento dos veciños

36. Os Alcaldes poderán someter a consulta popular aqueles asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses dos veciños

- a) En todas as materias
- b) A nivel municipal non existen as consultas populares
- c) Con excepción dos relativos á Facenda Local
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

37. Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas (sinale a resposta incorrecta)

- a) As entidades sen personalidade xurídica
- b) Quen represente a un interesado en todo caso
- c) As persoas xurídicas
- d) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen por razón da súa condición de empregado público

38. No artigo 2 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, establécese que teñen a consideración de bens comunais

- a) Aqueles que sendo patrimoniais, o seu aproveitamento corresponde ao común dos veciños
- b) Aqueles que sendo de dominio público, o seu aproveitamento corresponde ao común dos veciños
- c) Todos os de dominio público
- d) Todos os patrimoniais

39. Sinale cal dos seguintes non aparece como un epígrafe que debe figurar no inventario dunha entidade local, de acordo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño

- a) Semoventes
- b) Bens e dereitos convertibles
- c) Valores mobiliarios, créditos e dereitos, de carácter persoal da Corporación
- d) Inmubles

40. De acordo co Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el se imputará





CONCELLO DE OLEIROS

- a) Os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven e as obrigas recoñecidas durante o exercicio
- b) Os dereitos recoñecidos no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven e as obrigas liquidadas durante o exercicio
- c) Os dereitos xerados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven e as obrigas recoñecidas durante o exercicio
- d) Os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven e as obrigas devindicadas durante o exercicio

41. O artigo 167 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece que a clasificación económica

- a) Presentará unidos os gastos correntes e os gastos de capital
- b) Constará dos seguintes niveis: O primeiro relativo ao área de gasto, o segundo á política de gasto e o terceiro aos grupos de programas
- c) Constará de tres niveis, o primeiro relativo ao capítulo, o segundo ao artigo e o terceiro ao concepto
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

42. Segundo o Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os rendementos ou produtos de calquera natureza derivados do patrimonio da entidade local coñécese como

- a) Ingreso de dereito privado
- b) Prestación de dereito público
- c) Produto de operación de créditos
- d) Contribución especial

43. Sinala por cal destes servizos non se poderá esixir unha taxa segundo o Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo

- a) Utilización de columnas para a exhibición de anuncios
- b) Colocación de tubaxes, fíos condutores e cables en postes ou en galerías de servizo de titularidade de entidades locais
- c) Documentos que expidan ou de que entendan as administracións ou autoridades locais, a instancia de parte
- d) Protección civil

44. Segundo o artigo 48 bis da Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o conxunto de condicións que deben cumprir as operacións financeiras para minimizar o seu risco e coste enténdese por

- a) Principio de eficacia financeira
- b) Principio de prudencia financeira
- c) Principio de eficiencia financeira
- d) Principio de equilibrio financeiro

45. De acordo coa Constitución, cal dos seguintes é un dereito fundamental susceptible de recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional?

- a) O dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada
- b) O dereito á protección da saúde
- c) O dereito á propiedade privada e á herdanza
- d) O dereito á propia imaxe

46. De acordo co artigo 55 da Constitución, cal dos seguintes dereitos poderá ser suspendido se se declara o estado de excepción?

- a) O dereito de petición
- b) O dereito á liberdade de cátedra





CONCELLO DE OLEIROS

- c) O dereito de reunión
- d) O dereito de asociación

47. Sinale a afirmación correcta en relación coas Cortes Xerais:

- a) A circunscrición electoral é a Comunidade Autónoma
- b) Nas causas contra Deputados e Senadores será competente o Tribunal Constitucional
- c) Prohíbese expresamente a pertenza simultánea ás dúas Cámaras das Cortes Xerais
- d) O Congreso componse dun mínimo de 350 deputados

48. Cando remata o mandato dos deputados?

- a) Cando se cumpran 4 anos da súa elección ou o día da disolución da Cámara
- b) O día despois das eleccións ás Cortes Xerais
- c) O día despois de que se convoquen eleccións ás Cortes Xerais
- d) Cando sexan cesados polo partido político ao que representen

49. Sinale cal destas funcións corresponde constitucionalmente ás Cortes Xerais:

- a) O nomeamento do Presidente do Goberno
- b) A previa autorización para a prestación de consentimento do Estado para obrigarse por medio de tratados ou convenios de carácter militar
- c) A convalidación de decretos Leis
- d) A convocatoria de referendo nos termos previstos na Constitución

50. Sobre a moción de censura ao Goberno, a Constitución establece:

- a) Debe ser proposta por unha décima parte dos Deputados que representen ademais, polo menos, tres grupos parlamentarios
- b) Unha vez adoptada deben convocarse eleccións xerais
- c) A moción non se pode votar ata que transcorran cinco días desde a súa presentación
- d) As Cortes Xerais poden adoptala por maioría simple

51. O estado poderá transferir ou delegar nas comunidades autónomas facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación mediante:

- a) Unha le ordinaria
- b) Unha lei orgánica
- c) Un acordo marco
- d) Un acordo de cooperación

52. Cal das seguintes é unha función do Parlamento de Galicia?

- a) Controlar a acción executiva da Xunta
- b) Exercer a potestade legislativa da Comunidade Autónoma
- c) Aprobar os orzamentos
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

53. Como se establecen as sedes das institucións públicas da administración de Galicia:

- a) Están fixadas no Estatuto de Autonomía
- b) Mediante unha lei aprobada polo Parlamento de Galicia
- c) Mediante un decreto do presidente da Xunta
- d) Mediante un referendo





CONCELLO DE OLEIROS

54. De conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, non terán consideración de entidades locais:

- a) As áreas metropolitanas
- b) As comarcas
- c) As áreas de ámbito inferior ao municipio
- d) As mancomunidades de municipios

55. De conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local:

- a) A aprobación do orzamento da entidade local
- b) A aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística cuxa aprobación definitiva ou provisional corresponda ao Pleno
- c) Aprobar a relación de postos de traballo e o cadro de persoal
- d) Aprobar a oferta de emprego público

56. A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións corresponde:

- a) Á Comisión de Goberno
- b) Ao Pleno
- c) Á Xunta de Goberno Local
- d) Ás Xuntas de Distrito

57. Segundo a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre a convocatoria e a celebración dunha sesión do Pleno da Corporación Local, salvo nas sesións declaradas urxentes, non poderán transcorrer menos de:

- a) Un día hábil
- b) Dous días hábiles
- c) Tres días hábiles
- d) Cinco días hábiles

58. A Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que a potestade de ditar bandos corresponde a:

- a) Os concelleiros
- b) Os tenentes de alcalde, por delegación do alcalde
- c) O alcalde
- d) As respostas b e c son correctas

59. De conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais comezarán a aplicarse:

- a) No momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da provincia o, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, salvo que nelas se sinale outra data
- b) No momento da súa aprobación definitiva polo órgano competente
- c) No momento da resolución das alegacións presentadas dende a aprobación inicial
- d) No momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial do Estado

60. Que é a avaliación do desempeño que establece o Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público?:

- a) Unha retribución exclusiva dos funcionarios públicos
- b) O procedemento mediante o que se recompensa a conduta profesional e o alto rendemento dos empregados públicos





CONCELLO DE OLEIROS

- c) O procedemento mediante o que se mide e valora a conduta profesional e o rendemento ou logro de resultados dos empregados públicos
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

61. Segundo o Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, durante o desprazamento previo ao país de orixe para adopción ou acollemento, terase dereito a:

- a) Percibir só as retribucións básicas
- b) Percibir dietas de desprazamento
- c) Percibir as retribucións íntegras e a dietas de desprazamentos
- d) Percibir as retribucións íntegras

62. Segundo establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados con capacidade de obrar:

- a) Unicamente poderán actuar directamente
- b) Poderán actuar por medio de representante
- c) Poderán actuar por medio de representante unicamente no caso de imposibilidade sobrevida
- d) Poderán actuar por medio de representante unicamente no caso de imposibilidade sobrevida ou incapacidade total ou parcial

63. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que deberán ser motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os actos:

- a) Que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos
- b) Os que rexeiten probas propostas polos interesados
- c) Os que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

64. Segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ¿cando se entende rexeitada a notificación electrónica?

- a) Pasados dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido
- b) Pasados dez días hábiles desde a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido
- c) Pasados quince días naturais desde a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido
- d) Pasados quince días hábiles desde a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido

65. Segundo a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que requisitos terá que cumprir a creación de órganos administrativos?:

- a) A determinación da persoa que exercerá a xefatura
- b) As necesidades de persoal que implicará a súa existencia
- c) A previsión do tempo que se prevea que sexa necesaria a súa existencia
- d) A determinación das súas funcións e competencias

66. A lei 40/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece en canto á potestade sancionadora que:

- a) As sancións administrativas poderán implicar indirectamente penas privativas de liberdade
- b) Só poderán ser sancionadas persoas físicas
- c) As sancións administrativas poderán ser pecuniarias
- d) As disposicións sancionadoras non terán efecto retroactivo en ningún caso

67. En canto á participación cidadá, a Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, establece que:

- a) As sesións do pleno serán públicas





CONCELLO DE OLEIROS

- b) As sesións da Xunta de Goberno Local non son públicas
- c) Todos os cidadáns teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

68. En canto á participación cidadá, a Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, establece en canto á iniciativa popular:

- a) Os veciños que gocen do dereito de sufraxio pasivo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular
- b) Tales iniciativas deberán non necesitarán ser sometidas a debate e votación no Pleno
- c) En todo caso se requirira informe favorable do/a alcalde/sa
- d) Nos concellos a partir de 20.001 habitantes estas iniciativas deben ir subscritas como mínimo polo 10% dos veciños do municipio

69. O Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece en canto ao rexistro de documentos:

- a) O rexistro xeral permanecerá aberto ao público todos os días do ano
- b) Os libros ou soporte documental do Rexistro poderán saír da Casa Consistorial para a súa consulta
- c) En todas as entidades locais haberá un Rexistro Xeral para que conste con claridade a entrada dos documentos que se reciban e a saída dos que estean despachados definitivamente
- d) O acceso ao contido do Rexistro non poderá efectuarse mediante consulta, só se poden solicitar certificacións ou testemuños

70. Segundo o Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, en relación cos bens de dominio público é certo que:

- a) As Corporacións Locais poden recobrar por si a tenza dos seus bens de dominio público no prazo dun ano dende a usurpación
- b) Os bens de dominio público serán de uso ou servizo público
- c) Os bens de dominio público pódense embargar
- d) Os bens das entidades locais clasifícanse en bens de dominio público e bens comunais

71. En canto aos bens das entidades locais, o Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece que:

- a) Os bens de dominio público son inalienables
- b) Son bens patrimoniais os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques
- c) A alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais precisa o voto favorable da maioría simple do número legal de membros da Corporación
- d) Son bens patrimoniais ou de propios os que sendo propiedade da entidade local estean destinados a uso público

72. Segundo o Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o Orzamento das entidades locais estará integrado por:

- a) Unicamente o orzamento da entidade local
- b) O orzamento da entidade local e dos seus organismos autónomos
- c) O orzamento da entidade local, dos seus organismos autónomos e o estado de previsión e o estado de previsión de ingresos e gastos de todas as sociedades mercantís en que teña participación maioritaria e entidade local





CONCELLO DE OLEIROS

- d) O orzamento da entidade local, dos seus organismos autónomos e o estado de previsión e o estado de previsión de ingresos e gastos de todas as sociedades mercantís cuxo capital pertenza integramente á entidade local

73. Segundo o Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as entidades locais para a realización de obras ou polo establecemento ou ampliación de servizos municipais poderán establecer e esixir:

- a) Taxas
- b) Prezos públicos
- c) O imposto sobre construcións, instalacións e obras
- d) Contribucións especiais

74. Non están suxeitos ao imposto de bens inmobles, segundo o Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- a) As estradas, camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito para os usuarios
- b) A titularidade dun dereito real de superficie
- c) A titularidade dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos aos que estean afectos
- d) A titularidade dun dereito real de usufruto

75. O artigo 82 da Constitución Española de 1978 establece que a delegación legislativa se outorgará ao Goberno

- a) Con fixación do prazo para o seu exercicio
- b) Para regular calquera materia sempre que se valide posteriormente
- c) Mediante unha Lei ordinaria en todos os casos
- d) De xeito indefinido

76. Baixo que condicións pódense ceder os datos do padrón municipal a outras administracións?

- a) Os datos do padrón son confidenciais e non poden ser cedidos sen consentimento previo da persoa interesada.
- b) Poderán cederse sempre que sexan necesarios para o exercicio das súas propias competencias.
- c) Poderán cederse sempre e cando se cumpra co disposto na Lei orgánica 5/1992, de 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal
- d) Ningunha resposta é correcta.

77. Segundo establece o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril que desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse:

- a) A obrigas liquidadas ata o 31 de decembro do correspondente exercicio.
- b) Os dereitos recoñecidos nese exercicio, calquera que sexa o período de que se deriven
- c) As obrigas recoñecidas ata o 31 de decembro do correspondente exercicio.
- d) Ningunha resposta é correcta.

78. Canto tempo pode durar a detención preventiva?

- a) O tempo necesario para o esclarecemento dos feitos.
- b) Un máximo de 72 horas, que se ampliará en 48 horas máis no caso de delitos de terrorismo.
- c) Un máximo de 72 horas.
- d) Ningunha resposta é correcta.





CONCELLO DE OLEIROS

79. En que capítulo do Título I da Constitución española trátase da suspensión dos dereitos e liberdades fundamentais?

- a) No capítulo quinto.
- b) No capítulo terceiro.
- c) No capítulo cuarto.
- d) Ningunha resposta é correcta.

80. Dos seguintes criterios, cal ten maior prioridade para determinar a administración pública á que queda adscrito un consorcio en cada exercicio orzamentario?

- a) O que ostente a maior porcentaxe de participación no fondo patrimonial.
- b) O que teña facultades para nomear ou destituír á maioría dos membros do persoal directivo.
- c) O que teña maior número de habitantes ou extensión territorial, dependendo de se os fins definidos no estatuto están orientados á prestación de servizos ás persoas, ou ao desenvolvemento de actuacións sobre o territorio.
- d) O que teña facultades para nomear ou destituír á maioría dos membros dos órganos de goberno.

81. O transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución suspenderase nos seguintes casos:

- a) Cando exista un procedemento non rematado no ámbito da Unión Europea que condicione directamente o contido da resolución de que se trate, desde que se teña constancia da súa existencia, o que deberá ser comunicado aos interesados, ata que se resolva, o que tamén haberá de ser notificado.
- b) Todas as respostas son correctas.
- c) Cando os interesados promovan a recusación en calquera momento da tramitación dun procedemento, desde que esta se presente ata que sexa resolta polo superior xerárquico do recusado.
- d) Cando para a resolución do procedemento sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por parte dun órgano xurisdiccional, desde o momento en que se solicita, o que haberá de comunicarse aos interesados, ata que a Administración teña constancia do dito pronunciamento, o que tamén deberá serlles comunicado.

82. Cal das seguintes bonificacións pode estar recollida nas ordenanzas fiscais sobre el Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras?

- a) Unha bonificación de ata o 50 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras vencelladas os plans de fomento das inversións privadas en infraestruturas.
- b) Unha bonificación de ata o 90 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.
- c) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos.
- d) Unha bonificación de ata o 90 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.

83. Cal dos seguintes non pode considerarse un medio de cooperación das deputacións provinciais cos concellos?

- a) A concesión de subvencións a fondo perdido.
- b) A asistencia en materia de formación e perfeccionamento en xeral directamente ou a través da Escola Galega de Administración Pública na formación e perfeccionamento do persoal encargado da xestión económica das entidades locais.
- c) A cesión de material propio das deputacións provinciais.
- d) A defensa en xuízo cando así lles sexa solicitado.

84. Cal dos seguintes non é un dereito fundamental recollido na Constitución Española de 1978?





CONCELLO DE OLEIROS

- a) O dereito á liberdade e á seguridade.
- b) A igualdade ante a lei.
- c) O segredo das comunicacións.
- d) O dereito de reunión pacífica e sen armas.

85. Segundo a Constitución Española de 1978, cantas persoas integran o Congreso dos Deputados?

- a) 350.
- b) Non máis de 350.
- c) Entre 300 e 400.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

86. Cando remata o mandato dos deputados e deputadas?

- a) Cando se elixan novos deputados e deputadas.
- b) O día da disolución da Cámara.
- c) Cando o presidente do Goberno os destitúe das súas funcións.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

87. Quen dos seguintes é inelixible como deputado ou senador?

- a) Un policía nacional en activo.
- b) O Defensor do Pobo.
- c) Un membro da Xunta Electoral.
- d) Todas son correctas.

88. Quen pode propoñer a disolución das Cortes Xerais?

- a) O Rei.
- b) Os presidentes do Congreso e do Senado, conxuntamente.
- c) O presidente do Goberno.
- d) O Goberno.

89. Cando é admisible a federación de comunidades autónomas?

- a) En ningún caso.
- b) Cando por motivos de interese xeral, así o aproben as Cortes Xerais.
- c) Cando se reúnan as condicións do apartado 1 do artigo 143 da Constitución Española.
- d) Naquelas con características históricas, culturais e económicas comúns e o aproben as Cortes Xerais.

90. Pódense ampliar as competencias establecidas nos estatutos de cada comunidade autónoma?

- a) Non.
- b) Si, mediante a reforma do correspondente estatuto.
- c) Si, sempre que non estean atribuídas exclusivamente ao Estado.
- d) Ningunha resposta é correcta.

91. En que órganos baséase a organización institucional dunha comunidade autónoma?

- a) Nunha Asemblea Lexislativa e nun presidente.
- b) Naqueles que recoñeza o Estatuto de Autonomía.
- c) Nunha Asemblea Lexislativa, nun Consello de Estado e nun presidente.
- d) Nun presidente, un Consello de Goberno e unha Asemblea Lexislativa.

92. Cales son os elementos dun municipio?

- a) O alcalde, o Pleno e os concelleiros.
- b) Os que veñen establecidos no artigo 167 da Constitución Española.





CONCELLO DE OLEIROS

- c) O territorio, a poboación e a organización.
- d) O Concello Pleno e o alcalde.

93. En que municipios existe la Comisión Especial de Contas?

- a) Nos de máis de 5.000 habitantes.
- b) Nos de máis de 20.000 habitantes.
- c) En todos.
- d) Nos de máis de 20.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.

94. Cal das seguintes funcións do alcalde non é delegable?

- a) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais.
- b) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- c) A xefatura da Policía Municipal.
- d) Ningunha das anteriores.

95. Cando se consideran executivos os actos das entidades locais?

- a) Inmediatamente.
- b) A partir do momento da súa publicación no boletín oficial da provincia correspondente.
- c) Variará en función da materia á que se refira o acto.
- d) A partir do día seguinte ao da súa publicación no boletín oficial da provincia correspondente, salvo que se indique o contrario.

96. Que resolucións poñen fin á vía administrativa?

- a) As do Pleno.
- b) As dos concelleiros delegados.
- c) As do alcalde.
- d) Todas son correctas.

97. Segundo a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, considéranse entidades locais territoriais:

- a) Aos municipios.
- b) Aos municipios e ás provincias.
- c) Aos municipios, ás provincias e as parroquias rurais
- d) Ningunha resposta é correcta.

98. Quen é o responsable de elaborar o mapa municipal de Galicia?

- a) A Comisión Galega de Demarcación Territorial.
- b) A Asemblea Lexislativa da Xunta de Galicia.
- c) A Consellaría competente en materia de réxime local.
- d) O Goberno da Xunta de Galicia.

99. Quen é o encargado de resolver os conflitos entre municipios en relación coa demarcación dos seus termos?

- a) A consellaría competente en materia de réxime local.
- b) O Consello da Xunta de Galicia.
- c) A Presidencia da Xunta de Galicia.
- d) A Comisión Galega de Demarcación Territorial.





CONCELLO DE OLEIROS

- 100. Quen se encarga da formación, mantemento, revisión e custodia do padrón municipal?**
- O concello.
 - A correspondente Deputación Provincial cando o concello non dispoña de suficiente capacidade económica e de xestión.
 - O Instituto Nacional de Estatística.
 - Ningunha resposta é correcta.
- 101. Cal das seguintes non é unha atribución do Concello Pleno?**
- Alterar a cualificación xurídica dos bens de dominio público.
 - Solicitar a delegación de competencias para a contratación e execución de obras e servizos con outras administracións.
 - Aprobar as formas de xestión dos servizos.
 - Exercitar as accións administrativas e xudiciais.
- 102. Segundo a Lei 39/2015, cal das seguintes tipoloxías non se atopa entre as que se deben inscribir nos rexistros electrónicos xerais e particulares de poderes?**
- Un poder xeral para que o apoderado poida actuar en nome do poderdante en calquera actuación administrativa e ante calquera Administración.
 - Un poder para que o apoderado poida actuar en nome do poderdante en calquera actuación administrativa ante unha Administración ou Organismo concreto.
 - Un poder xeral para que o apoderado poida actuar en nome do poderdante para a realización de determinados trámites especificados no poder ante calquera Administración.
 - Un poder para que o apoderado poida actuar en nome do poderdante únicamente para a realización de determinados trámites especificados no poder.
- 103. Segundo a Lei 39/2015, cando non se requirirá aos interesados o uso obrigatorio de sinatura?**
- Interpoñer recursos.
 - Desistir de dereitos.
 - Formular solicitudes.
 - Ningunha resposta é correcta.
- 104. Cal das seguintes actuacións e procedementos se rexerán pola súa normativa específica e supletoriamente polo disposto na Lei 39/2015?**
- As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos en materia tributaria y aduaneira, así como a súa revisión en vía administrativa.
 - As actuacións e procedementos de xestión, inspección, liquidación, recadación, impugnación e revisión en materia de Seguridade Social e Desemprego.
 - As actuacións e procedementos sancionadores en materia tributaria e aduaneira, na orde social, en materia de tráfico e seguridade viaria e en materia de estranxeiría.
 - Todas son correctas.
- 105. Segundo a Lei 40/2015, cal das seguintes afirmacións non é correcta en relación cos órganos de cooperación?**
- Son órganos de composición multilateral ou bilateral.
 - Poderán adoptar acordos a través dun procedemento simplificado.
 - Poden ser de ámbito xeral ou particular.
 - A súa finalidade é a de acordar voluntariamente actuacións que melloren o exercicio das competencias que cada Administración Pública ten.
- 106. Cal das seguintes entidades non integran o sector público institucional, segundo a Lei 40/2015?**





CONCELLO DE OLEIROS

- a) Os consorcios.
- b) Os organismos autónomos.
- c) As fundacións do sector público.
- d) As universidades públicas.

107. Segundo a Lei 40/2015 cal non é unha función dos subdelegados do Goberno?

- a) Promover a colaboración coas restantes Administracións Públicas en materia de información ao cidadán.
- b) Dirixir e coordinar a protección civil no ámbito da provincia.
- c) Coordinar a utilización dos medios materiais e, en particular, dos edificios administrativos no ámbito territorial da súa competencia.
- d) Desempeñar as funcións de comunicación, colaboración e cooperación coa respectiva Comunidade Autónoma e coas Entidades Locais.

108. Segundo a Lei 39/2015, cando se suspende a execución dun acto impugnado por medio dun recurso?

- a) En ningún caso.
- b) Cando a impugnación fundaméntese nalgunha das causas de nulidade ou anulabilidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 da Lei 39/2015.
- c) Cando o recorrente o solicite expresamente no seu recurso.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

109. Segundo a Lei 39/2015, que prazo se establece para a presentación do recurso extraordinario de revisión?

- a) Un mes se o acto fose expreso ou tres meses se se trata dun acto presunto.
- b) Un mes se o acto fose expreso e en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
- c) Tes meses que comezan a contar desde a data de notificación da resolución.
- d) Ningunha resposta é correcta.

110. Segundo a Lei 39/2015, que sucede cando se presenta un recurso ante un órgano administrativo que non é competente para a súa resolución.

- a) O recurso considérase inadmitido.
- b) O recurso considérase admitido xa que o erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación.
- c) Se lle trasladará este feito ao recorrente, quen disporá dun prazo de dez días hábiles desde a notificación, para presentar o recurso ante o órgano administrativo competente na súa resolución.
- d) Ningunha resposta é correcta.

111. Segundo a Lei 39/2015, cando se poderá presentar recurso de alzada e potestativo de reposición ante un acto de trámite?

- a) Nunca, os actos de trámite non son recorribles.
- b) Cando decidan directa ou indirectamente no fondo do asunto.
- c) Cando se dite a resolución que poña fin ao procedemento.
- d) Ante un acto de trámite só se pode presentar o recurso extraordinario de revisión, segundo establece o artigo 125.1 da Lei 39/2015.

112. Cal das seguintes afirmacións non é correcta en relación co dereito de pedimento dos cidadáns ante as autoridades locais.

- a) Deberán recibir xustificante de recepción do pedimento.





CONCELLO DE OLEIROS

- b) Se non recibe resposta nun prazo de dous meses desde a súa solicitude, enténdese desestimada por efecto do silencio administrativo.
- c) Deberá dirixirse ao alcalde ou presidente da Entidade Local de que se trate.
- d) Todas son correctas.

113. Cando se pode organizar unha consulta popular no ámbito municipal?

- a) Cando así o decida o alcalde e o publique por medio de anuncio no Boletín Oficial da correspondente provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.
- b) Cando o autorice o Consello da Xunta de Galicia, previa solicitude da Corporación Local.
- c) En ningún caso, xa que as Corporacións Locais non teñen permitido a realización de consultas populares.
- d) Ningunha resposta é correcta.

114. Cando teñen permitida, os veciños, a participación nas sesións do Pleno das Corporacións Locais?

- a) Cando o fagan en representación dalgunha asociación ou entidade constituída para a defensa dos intereses dos veciños.
- b) Cando o soliciten con antelación ao alcalde e contén coa súa autorización, na que se limitará o tempo do que dispoñen para realizar a súa exposición.
- c) A participación nas sesións do Pleno das Corporacións limitase á súa asistencia que é pública.
- d) Ningunha resposta é correcta.

115. Como se clasifican os bens das entidades locais?

- a) En bens de uso público, de servizo público e patrimoniais.
- b) En bens de uso público e patrimoniais.
- c) En bens de dominio público e patrimoniais.
- d) En bens de dominio público, comunais e patrimoniais.

116. Que circunstancias non comprenderá o inventario de dereitos reais?

- a) Data de adquisición
- b) Natureza
- c) Froitos e rendas que producise
- d) Ningunha é correcta.

117. Que se consideran tributos propios dos municipios?

- a) Os enumerados no artigo 2 da Lei reguladora de facendas locais.
- b) As taxas, as contribucións especiais e os impostos.
- c) As taxas e os impostos.
- d) Todas as respostas son correctas.

118. Cal dos seguintes inmobles non estará exento do imposto sobre bens inmobles?

- a) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da dita Lei.
- b) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.
- c) Os terreos ocupados polas liñas de camiños de ferro e os edificios enclavados neses terreos.
- d) Ningunha resposta é correcta.





CONCELLO DE OLEIROS

- 119. Cal é a base liquidable do imposto sobre bens inmobles?**
- O valor catastral do inmueble.
 - O valor catastral do inmueble unha vez aplicado o tipo de gravame correspondente.
 - A base imponible unha vez aplicadas as reducións ás que tivera dereito segundo se establece no artigo 66 da Lei de facendas locais.
 - A base imponible unha vez aplicadas as bonificacións ás que tivera dereito segundo se establece no artigo 73 da Lei de facendas locais.
- 120. Cales son os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas?**
- As persoas xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeneral tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.
 - As persoas físicas e xurídicas que realicen en territorio nacional actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérzanse ou non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.
 - As persoas físicas e xurídicas que realicen en territorio nacional actividades empresariais, profesionais ou artísticas, con excepción das actividades gandeiras de carácter independente, exérzanse ou non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.
 - Ningunha resposta é correcta.
- 121. Segundo o establecido na Lei 39/2015, que se axustará ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e axeitado aos seus fins?**
- A tramitación dos actos.
 - A motivación dos actos.
 - O contido dos actos.
 - Ningunha resposta é correcta.
- 122. Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición son:**
- Anulables
 - Nulos de pleno dereito.
 - Convalidables.
 - Invalidables.
- 123. Segundo a Lei 39/2015, os prazos expresados en días contaránse a partir do:**
- Día en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.
 - Día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
 - Día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
 - As respostas b) e c) son correctas.
- 124. Corresponderá a iniciativa da reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia:**
- Á Xunta, ao Parlamento galego ou ao Senado.
 - Unicamente á Xunta.
 - Á Xunta, ao Parlamento galego ou ás Cortes Xerais.
 - Ningunha das respostas é correcta.
- 125. En cal das seguintes materias non ten competencia exclusiva a Comunidade Autónoma de Galicia?**
- Denominacións de orixe en colaboración co Estado.
 - Sanidade e hixiene.
 - Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.





CONCELLO DE OLEIROS

d) Organización das súas institucións de autogoberno.

126. Segundo a Constitución Española poderán recabar a información e axuda que precisen do Goberno e dos seus Departamentos:

- a) Unicamente o Congreso dos Deputados e as súas Comisións.
- b) As Cámaras e as súas Comisións.
- c) Unicamente as Cámaras.
- d) As Cámaras e as súas Comisións e Seccións.

127. Segundo a Constitución Española, a xustiza emana do pobo e adminístrase en nome de El Rei por:

- a) Xuíces e Tribunais.
- b) Xulgados e Tribunais.
- c) Xuíces e Maxistrados.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

128. Quen nomea aos membros do Tribunal Constitucional?

- a) O Congreso, o Senado, o Goberno e o Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) O Congreso, o Senado e o Goberno.
- c) El Rei.
- d) O presidente do Goberno.

129. Segundo a Lei 40/2015, a anulación en vía administrativa o pola orde xurisdiccional contencioso administrativa dos actos ou disposicións administrativas:

- a) Presupón, por si mesma, dereito á indemnización salvo dúas excepcións.
- b) Presupón, por si mesma, dereito á indemnización.
- c) Non presupón, por si mesma, dereito á indemnización.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

130. Segundo a Lei 40/2015, se algunha disposición atribúe a competencia a unha Administración, sen especificar o órgano que debe exercela, entenderase que a facultade de instruír e resolver os expedientes corresponde aos órganos:

- a) Inferiores competentes por razón da materia e do territorio.
- b) Superiores competentes por razón da materia e do territorio.
- c) Que estableza o órgano superior competente por razón da materia e do territorio.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

131. Segundo o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cal dos seguintes non constitúe un recurso para un Concello?

- a) As subvencións.
- b) O produto de sancións no ámbito das súas competencias.
- c) As participacións nos tributos das provincias.
- d) O produto de operacións de crédito.

132. Unha vez aprobado o presuposto municipal poderán establecerse reclamacións contra el:

- a) Por calquera motivo.
- b) Por terse axustado a súa elaboración aos trámites establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- c) Por ser insuficientes os ingresos con relación aos gastos presupostados.
- d) Por incluír o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local.





CONCELLO DE OLEIROS

- 133. Segundo a Lei 7/85, cal dos seguintes servizos non é obrigatorio que sexa prestado nun municipio que conte con menos de 20.000 habitantes?**
- Biblioteca pública.
 - Cemiterio.
 - Parque público.
 - Prevención e extinción de incendios.
- 134. Segundo a Constitución Española de 1978:**
- A lei regulará o procedemento a través do cal deben producirse os actos administrativos, garantindo, sempre, a audiencia ao interesado.
 - O regulamento regulará o procedemento a través do cal deben producirse os actos administrativos, garantindo, sempre, a audiencia ao interesado.
 - A lei regulará o procedemento a través do cal deben producirse os actos administrativos, garantindo, cando proceda, a audiencia ao interesado.
 - O regulamento regulará o procedemento a través do cal deben producirse os actos administrativos, garantindo, sempre, a audiencia ao interesado.
- 135. Cal das seguintes non é unha atribución do Alcalde?**
- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
 - Exercer a xefatura da Policía Municipal.
 - A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
 - Ditar bandos.
- 136. Sinala a resposta incorrecta, segundo o establecido no artigo 12 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:**
- A alteración dos termos municipais só poderá producirse entre municipios limítrofes.
 - O termo municipal poderá ser alterado por fusión de dous ou máis municipios limítrofes para constituír un novo municipio.
 - O termo municipal poderá ser alterado por incorporación de un ou máis municipios a outro limítrofe.
 - Calquera alteración poderá dar lugar a un termo municipal discontinuo
- 137. Segundo o artigo 11 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, as Administracións Públicas só requirirán aos interesados o uso obrigatorio de firma para:**
- Formular solicitudes e renunciar a dereitos.
 - Presentar declaracións responsables ou comunicacións.
 - Interpoñer recursos e desistir de accións.
 - Todas as anteriores.
- 138. O artigo 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece que, as facultades de revisión de oficio das Administracións Públicas non poderán ser exercidas cando, por prescripción de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario:**
- Á moral e á imparcialidade.
 - Á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis.
 - Á xustiza.
 - Ningunha das anteriores.
- 139. Segundo o artigo 257 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia ¿quen pode someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial importancia para os intereses dos veciños, salvo os relativos ás facendas locais?**
- O Pleno, por maioría simple.





CONCELLO DE OLEIROS

- b) O Alcalde, dando conta ao Pleno.
- c) O Alcalde, sen ningunha formalidade máis.
- d) O Alcalde, previo acordo do Pleno, por maioría absoluta.

140. O artigo 2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais establece que a facenda das entidades locais non estará constituída polos seguintes recursos:

- a) Os tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais e impostos e os recargos esixibles sobre os impostos das comunidades autónomas ou de outras entidades locais.
- b) O produto das operacións de crédito.
- c) O produto das multas e sancións fóra do ámbito das súas competencias.
- d) As subvencións.

141. Segundo o artigo 16.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os datos do padrón municipal se cederán a outras Administracións Públicas que o soliciten:

- a) Sen consentimento previo do afectado, soamente cando lles sexan necesarios para o exercicio das súas respectivas competencias, e exclusivamente para asuntos nos que a residencia ou o domicilio sexan datos relevantes.
- b) Exclusivamente con consentimento previo del afectado.
- c) Sen consentimento previo do afectado, soamente cando lles sexan necesarios para o exercicio das súas respectivas competencias, aínda que para os asuntos a residencia ou o domicilio non sexan datos relevantes.
- d) Sempre.

142. ¿Cal destes impostos poderán establecer e esixir discrecionalmente os concellos? (art. 59 Texto Refundido Lei Reguladora das Facendas Locais)

- a) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- b) Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
- c) Imposto sobre Bens Inmóbles.
- d) Imposto sobre Actividades Económicas.

143. As sesións do Pleno poden ser dos seguintes tipos:

- a) Extraordinarias.
- b) Ordinarias.
- c) Extraordinarias de carácter urxente.
- d) Todas as anteriores.

144. É unha característica das sancións administrativas que:

- a) Se son de natureza non pecuniaria, en ningún caso poderán implicar, directa ou subsidiariamente, privación de liberdade.
- b) Sexan ou non de natureza pecuniaria, en ningún caso poderán implicar, directa ou subsidiariamente, privación de liberdade.
- c) Se son de natureza pecuniaria, en ningún caso poderán implicar, directa ou indirectamente, privación de liberdade.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

145. Síñale a resposta incorrecta segundo o regulamento de bens das entidades locais:

- a) Se clasificarán como bens patrimoniais as parcelas sobrantas e os efectos non utilizables.
- b) A alteración da cualificación xurídica dos bens das Entidades locais require expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade.





CONCELLO DE OLEIROS

- c) Os bens de dominio público non serán de uso ou servizo público.
- d) O patrimonio das Entidades locais estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen.

146. A aprobación das Ordenanzas locais se axustarán ao seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- d) Todas as anteriores.

147. A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais requirirá, en todo caso (art. 13 Lei 7/85):

- a) Só audiencia dos municipios interesados.
- b) Audiencia dos municipios interesados e ditame do Consello de Estado o do órgano consultivo superior dos Consellos de Goberno das Comunidades Autónomas, se existise, así como informe da Administración que exerza a tutela financeira.
- c) Só ditame do Consello de Estado ou o do órgano consultivo superior dos Consellos de Goberno das Comunidades Autónomas, se existise.
- d) Nada do anterior é certo.

148. Segundo a Lei de Administración Local de Galicia, todos os cidadáns teñen dereito a: (art. 252)

- a) Só audiencia dos municipios interesados.
- b) Identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo das Corporacións Locais baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- c) Acceder aos rexistros e arquivos das Corporacións Locais nos termos previstos na Constitución e nesta ou outras leis
- d) As respostas b) e c) son correctas

149. Segundo a Constitución Española:

- a) A provincia é unha entidade local sen personalidade xurídica propia.
- b) La provincia é unha entidade local con personalidade xurídica propia, determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado. Calquera alteración dos límites provinciais haberá de ser aprobada polas Cortes Xerais mediante lei orgánica.
- c) O goberno e a administración autónoma das provincias estarán encomendados aos concellos.
- d) Non se poderán crear agrupacións de municipios diferentes da provincia

150. Segundo a Lei de Bases do Réxime Local, funcionan en Concejo Aberto: (art. 29)

- a) Os municipios que tradicional e voluntariamente contén con ese singular réxime de goberno e administración
- b) Os municipios que tradicional e voluntariamente contén con ese singular réxime de goberno e administración.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.
- d) Ningunha das respostas é correcta

